



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN, XESGALICIA SOCIEDADE XESTORA DE ENTIDADES DE INVESTIMENTO DE TIPO PECHADO S.A.U., O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO E VIGO ACTIVO SOCIEDADE DE CAPITAL RISCO S.A., S.M.E. , PARA O DESENVOLVEMENTO DAS SÉTIMA E OITAVA EDICIÓNS DO PROGRAMA VIAGALICIA

A Subdirectora da Oficina Galicia Emprende da Área de Competitividade do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que este ente ten previsto formalizar coa Axencia Galega de Innovación (en diante, GAIN), Xesgalicia Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado S.A.U. (en diante, Xesgalicia), o Consorcio da Zona Franca de Vigo (en diante, o Consorcio) e Vigo Activo Sociedade de Capital Risco S.A., S.M.E. (en diante, Vigo Activo) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

a colaboración entre as partes para o desenvolvemento da 7ª e 8ª edicións do programa VIAGALICIA, unha iniciativa de aceleración de proxectos innovadores

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

I.- Que a Xunta de Galicia (Igape, GAIN, Xesgalicia) aposta polo emprendemento e a innovación como vía para mellorar a calidade de vida dos cidadáns de Galicia, como panca de eficiencia e de calidade da xestión autonómica, e como polo de atracción de actividades de alto valor engadido.

II.- Que o Consorcio, no seu carácter de axencia de desenvolvemento local, considera que o fomento ao emprendemento e á innovación será un dos alicerces básicos sobre os que se cimentará o crecemento da economía galega.

Que para ese efecto, o Consorcio, no marco dos seus programas de apoio ao emprendemento e á innovación, creou, no ano 2012, VIAVIGO, como un programa cuxo obxectivo é a aceleración de proxectos innovadores e invertibles, aos que se acompaña na súa validación, posta en marcha, financiamento e maduración.

Que tras o éxito conseguido pola primeira convocatoria, o Consorcio, Vigo Activo, GAIN, Igape e Xesgalicia asinan, con data de 17 de outubro de 2014, un convenio para o desenvolvemento da 2ª edición para acelerar ata 10 proxectos. A partir do mesmo desenvólvense, en colaboración cos





devanditos órganos, a 3ª, 4ª, 5ª e 6ª edicións do programa VIAGALICIA que, desta maneira, leva un total de 78 proxectos innovadores de emprendemento apoiados.

IV.- Este Programa alíñase tanto coas previsións recollidas na Lei 5/2013, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, como coas prioridades contidas no Plan de Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia ("RIS3"), na Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización e a Lei 9/2013, do 19 de decembro de 2013, do emprendemento e da competitividade económica en Galicia,

V. Que todas as partes teñen interese en dar continuidade ao programa, tratando de consolidalo e seguir favorecendo o emprendemento e a innovación en Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes non poden satisfacerse, xa que logo, mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela,

